

**CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR**

Resolución do 3 de agosto de 2009, da Secretaría Xeral da Consellería de Traballo e Benestar, pola que se fai pública a adxudicación definitiva do contrato de xestión de servizo público para a organización do traballo remunerado e a formación ocupacional dos menores infractores internados en centros. (Expediente 8/2009).

En cumprimento do disposto nos artigos 137 e 138 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, faise pública a adxudicación definitiva do seguinte contrato administrativo:

1. Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Consellería de Traballo e Benestar.

b) Dependencia que tramita o expediente: a extinta Dirección Xeral de Acción Social (Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar).

c) Número de expediente: 8/2009.

2. Obxecto do contrato.

a) Descrición do obxecto: organización do traballo remunerado e a formación ocupacional dos menores infractores internados en centros.

b) Lugar de execución: Comunidade Autónoma de Galicia.

c) Boletín ou diario oficial e data de publicación do anuncio de licitación: *Diario Oficial de Galicia* nº 88, do 17 de abril de 2009.

3. Tramitación e procedemento de adxudicación.

a) Tramitación: ordinaria.

b) Procedemento: aberto.

4. Orzamento base de licitación.

Importe máximo total: 120.000 €.

5. Adxudicación.

Data: 13 de xullo de 2009.

Contratista: *EIL Insergal, S.L.U.*

Nacionalidade: española.

Importe de adxudicación: oitenta e sete mil euros (87.000 €).

Santiago de Compostela, 3 de agosto de 2009.

P.D. (Orde 4-5-2009)

Cristina Ortiz Dorda

Secretaria xeral da Consellería de Traballo
e Benestar

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Edicto do 28 de xullo de 2009, do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, polo que se resolve o expediente de clasificación do monte coa denominación da Costa, O Pareisal, A Lagoa, O Campo da Festa e Escoirede, por solicitude dos veciños da parroquia de Ponte Veiga, no concello do Carballiño (Ourense).

En cumprimento do disposto no artigo 28 do Regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e de conformidade co disposto no artigo 60.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, faise público que o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, en sesión que tivo lugar o 14 de xullo de 2009 adoptou a seguinte resolución:

Visto o expediente de clasificación como veciñal en man común do monte denominado A Costa, O Pareisal, A Lagoa, O Campo da Festa e Escoirede, a favor dos veciños da parroquia de Ponte Veiga, no concello do Carballiño (Ourense) resultan os seguintes

Feitos:

Primeiro.-Con data do 3 de xullo de 2005 tivo entrada no rexistro da Delegación Provincial da Consellería do Medio Rural escrito dirixido ao Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común dos veciños da parroquia de Ponte Veiga, no concello do Carballiño (Ourense), no cal solicitan a clasificación como veciñal en man común do devandito monte a favor dos veciños do citado lugar.

Segundo.-Con data do 25 de xaneiro de 2007, o xurado provincial acorda iniciar o expediente de clasificación como veciñal en man común do referido monte, designando instrutor e procedendo a realizar as comunicacións e publicacións a que fan referencia os artigos 20, 21 e 23 do regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, abrindo un período dun mes para a práctica de alegacións.

Terceiro.-No prazo concedido para a práctica de alegacións non consta que se presentase ningunha.

Cuarto.-O monte obxecto de clasificación, de acordo coa documentación que consta no expediente, descríbese así:

Concello: O Carballiño.

Denominación do monte: A Costa, O Pareisal, A Lagoa, O Campo da Festa e Escoirede.

Comunidade veciñal solicitante: veciños da parroquia de Ponte Veiga.

Superficie: 23,20 ha, aproximadamente, en total.

Monte A Costa:

Superficie: 19,82 ha, aproximadamente.

Lindeiros:

Norte: monte dos veciños de Madarnás.

Sur: leiras de herdeiros de Pilar González Carballo, herdeiros de Benito Pérez Viñal e herdeiros de Carmen Fernández Lorenzo.

Leste: leiras de herdeiros de Gumersindo Pérez Viñal, de José Luís González Crespo e do Bispado de Ourense.

Oeste: monte dos veciños da Gouxíña e camiño da Gouxíña a Batallás.

Por el discorren varios camiños.

Monte O Pareisal:

Superficie: 2,13 áreas, aproximadamente.

Lindeiros:

Norte: leira de herdeiros de Antonio Collazo.

Sur: leiras de José Portabales Lorenzo e de Alfonso González Villar.

Leste: camiño desde O Pareisal ata o camiño da Revolta.

Oeste: leiras de José Portabales Lorenzo e de Manuel Ratón Paz.

Monte Escoirede:

Superficie: 83 áreas, aproximadamente.

Lindeiros:

Norte: residencia da terceira idade do Carballiño.

Sur: camiño do Pareisal desde a N-541 ata A Veiga e estrada N-541.

Leste: estrada N-541 e estrada OU-202.

Oeste: camiño do Pareisal desde a N-541 ata A Veiga.

Monte A Lagoa:

Superficie: 22 áreas, aproximadamente.

Lindeiros:

Norte: leira de herdeiros de Belisario González Carballo.

Sur: leira de Manuel Mouriño Lías.

Leste: leiras de herdeiros de Belisario González Carballo e de Jaime Collazo.

Oeste: leira de herdeiros de Francisco Galloso Fernández.

Monte Campo da Festa:

Superficie: 20 áreas, aproximadamente.

Lindeiros:

Norte: leira de José Pereira Fernández.

Sur: leira de Manuel González Villar.

Leste: leiras de herdeiros de Antonio Collazo; José González Carballo e Ramón González Eiján.

Oeste: leiras de José Manuel González Carballo e Amparo Barroso.

Neste predio existe unha construción, antiga escola.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.-O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común é órgano competente para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter, de acordo co estable-

cido no artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

Segundo.-De conformidade co disposto no artigo 1 da devandita lei son montes veciñais en man común... os que, con independencia da súa orixe, as súas posibilidades produtivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria, pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e se veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade sen asignación de cotas polos membros daquelas na súa condición de veciños.

Terceiro.-É reiterada doutrina da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo que son dúas as notas características dos montes veciñais en man común: unha, o aproveitamento consuetudinario en man común, e outra, a atribución da titularidade dese aproveitamento aos veciños integrantes dun grupo social determinado, independentemente da súa cualificación ou non como entidade administrativa; corresponde constatar o aproveitamento e atribuír a titularidade a favor do grupo social que o veña desfrutando ao Xurado Provincial de Clasificación.

Cuarto.-O carácter de monte veciñal en man común tense acreditado mediante as testemuñas dos veciños solicitantes e as actuacións realizadas polo Servizo de Montes, sen que durante a tramitación do procedemento se tivese producido reclamación ningunha de titularidade distinta.

En consecuencia co que antecede, vista a Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, o seu regulamento, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, o Decreto 318/2009, do 4 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural, e do Fondo Galego de Garantía Agraria e demais normativa legal e regulamentaria, o xurado provincial, por unanimidade dos seus membros


RESOLVE:

Clasificar como monte veciñal en man común a favor dos veciños da parroquia de Ponte Veiga no concello do Carballiño (Ourense) o monte da Costa, O Pareisal, A Lagoa, O Campo da Festa e Escoirede, coa descrición reflectida no feito cuarto.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense no prazo dun mes, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao desta notificación, de acordo co disposto no artigo 12 da Lei 13/1989 (citada), nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Ourense, 28 de xullo de 2009.

Ricardo Ignacio Vecillas Rojo
Presidente do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense



PLANO Nº-2

PLANO DE SITUACIÓN (Parcela 1)

MONTE DOS VECIÑOS DE PONTE VEIGA

PARROQUIA DE PONTE VEIGA, O CARBALLIÑO (OURENSE).

ESCALA 1:5.000

XULLO DO 2005

